



CG/ip/jmp

Asunto	Informe de estudo de impacto ambiental	Clave	PE/CO/002/07(1)
Proxecto	Parque eólico Monte Neme		
Espazo natural	Ningún		
Conca fluvial	Anllóns - Costa		
Concello	Carballo e Malpica de Bergantiños		
Provincia	A Coruña		
Solicitante	Servizo de Enerxía e Minas. Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación. Delegación territorial da Coruña.	Ref.	IN661A 2007/04
Promotor	Enel Green Power España, S.L.U.	Ref.	

I. Antecedentes administrativos.

Mediante escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (Delegación Territorial da Coruña), de 03.03.2022, ten entrada nesta unidade administrativa a solicitude de informe sobre o inventario ambiental e as posibles afeccións do proxecto aos valores naturais do conxunto da zona, medidas a adoptar para a súa protección e conservación, efectos acumulativos ou sinérxicos con outros proxectos na zona, idoneidade das medidas protectoras e correctoras e o plan de vixilancia ambiental, así como sobre calquera outra cuestión que estimemos oportuna, sobre a seguinte documentación:

- ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL. PARQUE EÓLICO MONTE NEME. 2019/12/08
- Archivo Shape-PE Monte Neme

En consecuencia, emítese o presente informe tendo en conta a información achegada coa solicitude remitida, así como as observacións formuladas polo Servizo de Patrimonio Natural da Coruña, no documento subscrito o 27/09/2022.



II. Resumo do proxecto.

O parque eólico "Monte Neme" localizarase no termo municipal de Carballo, constará de 4 aeroxeradores modelo SG-6.0 do fabricante SIEMENS-GAMESA ou similar, de 6.000 kW de potencia unitaria, con 170 m de diámetro de rotor e unha altura de buxe de 115 metros. Posto que a potencia máxima permitida no punto de conexión é de 16 MW, os aeroxeradores aplicaráselles un sistema de redución de potencia de modo que non se superen os 4.000 kW de potencia por aeroxerador.

A evacuación da enerxía eléctrica xerada polos aeroxeradores realizarase a través de 2 liñas subterráneas de Media Tensión (33kV) á SET "Monte Neme", obxecto de proxecto.

A SET 33/66 kV "Monte Neme" recibirá a enerxía xerada no parque eólico. "Monte Neme", por medio das liñas subterráneas correspondentes, e evacúaa a través da liña aérea de Alta Tensión en 66 kV, obxecto doutro proxecto, á SET "Cabana", propiedade de UNIÓN FENOSA.

A continuación, enuméranse os elementos de obra civil sobre os cales se poden obter todo os detalles no documento do proxecto construtivo:

- Viais de acceso tanto ao parque como aos aeroxeradores:
 - ❖ Accesos externos
 - ❖ Accesos internos
- Plataformas para a montaxe dos aeroxeradores.
- Plataformas auxiliares.
- Cimentación dos aeroxeradores.
- Gabias para rede de media tensión.
- Obras auxiliares.
- Outros.



III. Análise da documentación.

Examinada a documentación recibida, realízase a seguinte análise:

1. O lugar onde se localiza o proxecto non ostenta ningunha figura de espazos naturais protexidos, das recollidas na Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia, nin na Lei 42/2007, do 13 de decembro, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade.
2. A zona onde se desenvolve o proxecto non se atopa en ningún espazo que, neste momento, se encontre en estudo na Dirección Xeral de Patrimonio Natural por reunir importantes valores ambientais.
3. De conformidade co artigo 75 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia, a zona de actuación non está comprendida dentro dos límites de ningunha área protexida por instrumentos internacionais.
4. Revisado o Inventario de humidaís de Galicia (IHG), creado polo Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidaís protexidos e se crea o Inventario de humidaís de Galicia, obsérvase que, o desenvolvemento do proxecto, non afecta a ningunha das zonas húmidas recollidas no dito inventario.
5. O proxecto non afecta a áreas prioritarias para avifauna ameazada e/ou zonas de protección da avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión, segundo o establecido na Resolución do 18 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se actualiza a delimitación das áreas prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas e se dispón a publicación das zonas de protección existentes na Comunidade autónoma de Galicia en que serán de aplicación medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión.
6. A actuación prevista atópase próxima aos seguintes ríos e regos

Ríos/Regos/Encoros	Distancia (m)
Rego de Monte Neme	308





Ríos/Regos/Encoros	Distancia (m)
Rego das Gándaras	323
Rego das Bandeiras	276

7. De conformidade co Atlas de hábitats naturais e seminaturais de España (2005), realizado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (actual Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico), na zona de actuación localízanse teselas onde se identificaron os seguintes hábitats naturais de interese comunitario ou prioritarios:

Código UE	Prioritario	Denominación
4090	Non	Uceiras oromediterraneas endémicas con toxo
4020	Si	Uceiras húmidas atlánticas e zonas mornas de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>
4030	Non	Uceiras secas europeas

8. No ámbito de actuación non están presentes árbores ou formacións incluídas no Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras.
9. Segundo se deriva da información dispoñible na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, a cuadrícula na que se inclúe o ámbito de actuación do proxecto (UTM 10x10 29TNH28 e 29TNH29), correspóndese coa área de distribución da seguintes especies protexidas, incluídas no Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA):

✧ Flora

Especie	CGEA
<i>Centaurea ultriae</i>	E
<i>Euphorbia uliginosa</i>	E

✧ Fauna

Especie	CGEA
INVERTEBRADOS	
<i>Geomalacus maculosus</i>	V
ANFIBIOS	
<i>Chioglossa lusitanica</i>	V
<i>Rana iberica</i>	V
<i>Hyla arborea</i>	V
<i>Rana temporaria</i>	V





Especie	CGEA
<i>Discoglossus galganoi</i>	V[2]
AVES	
<i>Milvus milvus</i>	E
<i>Gallinago gallinago</i>	E(1)
<i>Vanellus vanellus</i>	E(1)
<i>Scolopax rusticola</i>	V(1)
<i>Circus pygargus</i>	V
<i>Circus cyaneus</i>	V
<i>Numenius arquata</i>	E[1]
MAMÍFEROS	
<i>Galemys pyrenaicus</i>	V
<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>	V
<i>Rhinolophus hipposideros</i>	V
PEZ/AGNATO	
<i>Petromyzon marinus</i>	V[3]

(E) En perigo de extinción.

(V) Vulnerable.

(1) Poboación nidificante.

(2) Poboacións insulares.

(3) Poboación do Cantábrico e Arco Ártabro: dende cabo Ortegal ata as illas Sisargas, Cantábrico: de cabo Ortegal ata o río Eo, incluído.

(4) Poboacións de baixa altitude da provincia da Coruña e poboacións de montaña da provincia de Ourense.

(5) spp. *schoeniculus*.

Non obstante, cabe salientar que os datos sinalados anteriormente están referidos a información asociada a unha cuadrícula 10x10 km, polo que unicamente proporciona unha primeira aproximación de cara á realización da análise. Segundo o "Atlas de aves reproductoras" publicado polo MITECO en 2003, non é previsible atopar parellas nidificantes (*Vanellus vanellus*) na zona onde se localiza este proxecto⁴. Segundo o Seguimento de Aves 26 "Aves acuáticas reproductoras en España - Población en 2007 y método de censo" publicado por SEO-BirdLife, non é previsible atopar parellas nidificantes (*Numenius arquata*) nesta zona.

10.O proxecto non está incluído dentro do ámbito de plans de recuperación ou conservación de especies protexidas.

11. A zona de actuación sitúase no ámbito de propostas técnicas de zonificación de plans de conservación/recuperación de especies ameazadas que se están





elaborando na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, das que se obtén a seguinte información:

Especie	Categoría	Zonificación
<i>Morcegos cavernícolas</i>	Vulnerable	Presenza
<i>Emberiza schoeniclus lusitanica</i>	En Perigo	Potencial

12. Con respecto as observacións efectuadas polo Servizo de Patrimonio Natural da Coruña relacionadas cos valores naturais, salientanse as seguintes:

❖ ANÁLISE DO MEDIO NATURAL.

— Habitas.

No epígrafe 5.3.2. "Hábitats de Interese Comunitario" da Memoria do EsIA, indícanse os hábitats de interese comunitario (HIC) inventariados no ámbito da zona de estudo durante os traballos de campo, e as distintas infraestruturas do PE que afectan aos mesmos:

- **4020*** Queirogais atlánticos de zonas temperadas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.

Segundo o EsIA, estes queirogais presentan unha ampla representación nas áreas de cumio do alto de Monte Neme. Unha parte das infraestruturas proxectadas sitúanse sobre estas formacións vexetais, en concreto, os catro aerogeneradores e a zona de acopio temporal localízanse sobre este hábitat, aínda que na maioría dos casos en zonas nas que este se encontra afectado pola presenza de plantacións forestais.

— Vexetación.

No epígrafe 5.3.2.2.- "Afección a la vegetación" da memoria do EsIA indícase que as formacións de matogueira constitúen as únicas unidades naturais perturbadas polas infraestruturas a instalar no PE Monte Neme, sendo **os queirogais húmidos de *Erica ciliaris* as comunidades vexetais nas que se prevé o maior grado de afección. Os aerogeneradores afectan parcialmente estas formacións en maior ou menor estado de conservación. Todos os aerogeneradores así como a zona de acopio**





temporal afectan directamente a formacións desta matogueira nas que existe arborado disperso e plantacións forestais, encontrándose, polo tanto, nun estado de conservación pouco favorable. Unha parte do trazado proposto de vieiros e gabias de cableado discorre sobre comunidades de queirogais de *Erica ciliaris*, anque aproveitando vieiros existentes.

— Fauna.—

Segundo o epígrafe 5.3.3. "Fauna" do EslA, para o estudo da fauna no entorno do PE realizouse unha recompilación bibliográfica, para que nunha fase posterior sexa completada coa información ob1da nos traballos de campo, que, no caso da avifauna e os quirópteros, prolongarase ao longo dun ciclo anual co obxec1vo de caracterizar o uso do hábitat, abundancia e densidades, refuxios existentes e zonas de alto valor de conservación.

Para a recompilación bibliográfica consultáronse as seguintes fontes: "Atlas de Vertebrados de Galicia" (Consello de Cultura Galega, 1990). As cuadrículas UTM de referencia para asignar a fauna potencialmente presente no ámbito do proxecto son as codificadas como 6Q e 6R. Posteriormente, na fase de traballo de campo, prestouse especial atención ás aves.

No inventario bibliográfico existente contabilizáronse un total de 141 especies na área de estudo: 4 especies de peces, 13 de anfibios, 12 de réptiles, 29 mamíferos e 83 de aves.

O EslA soamente indica cales destas especies son de interese comunitario, pero non realiza ningunha referencia á súa catalogación no Catálogo Español de Especies Amenazadas (CEEa) nin no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA).

A continuación, neste mesmo epígrafe 5.3.3 do EslA, realízase a seguinte análise "Status de las especies a priori más sensibles a los efectos del proyecto y presencia en el área de estudio:"

Das especies de fauna presentes no entorno do ámbito de estudo ou que poden eventualmente transitar pola zona, cabe detallar a situación





poboacional na provincia de A Coruña daquelas que se presentan como máis sensibles á introdución do PE. Segundo o EsIA, estas especies (todas do grupo de aves) son: *Falco peregrinus*, *Circus pygargus*, *Circus cyaneus*, *Pernis apivorus* e *Circaetus gallicus*.

Estas especies encóntranse recollidas no Catálogo Nacional de Especies Amenazadas coa categoría de "De Interés Especial".

Outras especies de rapaces diúrnas e nocturnas cuxo estatus poboacional na área de estudo pódese considerar probablemente como relativamente común son: o *Falco nnunculus*, *Buteo buteo*, *Accipiter genlis*), *Accipiter nisus*, *Falco subbuteo*, *Athene noctua*, *Strix aluco* e *Tyto alba*.

No EsIA non se fai referencia á catalogación destas especies no CGEA, e tampouco se realiza ningunha análise sobre as especies dos demais grupos faunísticos presentes na zona de estudo: peces, anfibios, réptiles, mamíferos e invertebrados.

O epígrafe 5.5 "PLAN DE VIGILANCIA Y SEGUIMIENTO AMBIENTAL. AVES. CAMPAÑA INICIAL. SEGUIMIENTO DE UN CICLO ANUAL" do Anexo 5 do EsIA "PLAN DE VIGILANCIA AMBIENTAL: AVIFAUNA" ten como obxectivo representar a situación inicial das poboacións de aves presentes na área onde se localizará o futuro PE Monte Neme.

Para elo, realizarase un estudo cunha duración dun ciclo anual completo, iniciado en outono de 2019, e a continuación menciona que soamente se efectuaron dous censos, os días 21 e 28 de novembro de 2019, **polo que o presente estudo de avifauna encóntrase nunha fase incipiente e evidentemente incompleto.**

Nestes dous censos leváronse a cabo catro transectos lineais de 0,5, 0,4 e 0,3 km de lonxitude. A continuación indícanse os exemplares detectados e o número de contactos de cada un deles, **non realizando ningunha conclusión sobre os datos obtidos.**





A destacar que o promotor non presenta un estudo de campo sobre a fauna dun ciclo anual completo, presentando soamente datos obtidos nunha "campana inicial" para a avifauna no mes de novembro de 2019.

Debido a isto, o promotor deberá entregar un estudo de campo da fauna existente no ámbito de instalación do PE, que deberá ter unha duración dun ciclo anual completo, e que deberá a ranguer os grupos faunísticos existentes na zona de estudo: avifauna, mamíferos (quirópteros), anfibios e réptiles.

Considérase que o promotor deberá realizar un estudo de campo sobre a fauna (con especial incidencia sobre a avifauna, quirópteros e herpetofauna) para determinar a situación actual destas comunidades faunísticas e poder sinalar de xeito real as especies presentes na zona de implantación do parque eólico.

Posteriormente avaliaranse os posibles impactos da instalación do parque eólico Monte Neme sobre estas comunidades e os seus hábitats, e se adoptarán as medidas necesarias que os eliminan, mitiguen ou eviten, en caso de seren necesarias. As mostraxes que se realizarán para este estudo deberán abarcar o período de un ciclo fenolóxico anual completo.

❖ IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE IMPACTOS.

O EsIA desenvolve no seu epígrafe 6 "Identificación, caracterización y valoración de impactos" da Memoria do EsIA, a identificación, caracterización e valoración dos potenciais impactos que a execución do proxecto terá sobre o medio ambiente que o rodea nas súas fases de construción e explotación **(non se analizan os impactos na fase de abandono ou desmantelamento).**

Para levar a cabo a identificación de impactos a metodoloxía a seguir basearase na utilización dunha matriz de dobre entrada formada polas accións do proxecto susceptibles de xerar impactos e os factores ambientais e socioeconómicos relevantes potencialmente receptores destes impactos.

A identificación de impactos realízase tendo en conta os coñecementos e experiencia do equipo redactor e mediante a seguinte metodoloxía:





- Observación de proxectos similares xa executados ou en fase de construción.
- Recoñecemento do lugar onde se localizará o proxecto para identificar os factores do medio susceptibles de recibir impactos.
- Discusión por un equipo multidisciplinar de técnicos.

❖ **Fase de obra do PE NEME:**

Segundo o epígrafe 6.2.2.7 "Impacto sobre la vegetación natural" da Memoria do EslA, na fase de obras producirase a eliminación da vexetación necesaria para a execución de camiños e a implantación dos aeroxeradores. Ademais, outras accións como o acopio de materiais, o tránsito de maquinaria ou a implantación de instalacións auxiliares poderán exercer efectos negativos non previstos sobre a vexetación.

Estas accións virán ocasionadas polo xeral pola ocupación indebida de terreos non destinados á ocupación temporal. O EslA valora o impacto na fase de obra sobre a vexetación como **COMPATIBLE**.

Mencionar que resulta curioso que a pesar de que no epígrafe 5.3.2.2.- "*Afección a la vegetación*" da memoria do EslA se indica que: "*(...)as formacións de matogueira constúen as únicas unidades naturais perturbadas polas infraestruturas a instalar no PE Monte Neme, sendo os queirogais húmidos de Erica ciliaris (4020*) as comunidades vexetais nas que se prevé o maior grado de afección. Os aeroxeradores afectan parcialmente estas formacións en maior ou menor estado de conservación. Todos os aeroxeradores así como a zona de acopio temporal afectan directamente a formacións desta matogueira (...) Unha parte do trazado proposto de vieiros e gabias de cableado discorre sobre comunidades de queirogais de Erica ciliaris, anque aproveitando vieiros existentes (...)*"; non se mencione a existencia deste hábitat 4020* na análise do impacto sobre a vexetación, e que a valoración do impacto sobre a vexetación na fase de construción sexa compatible.





❖ As conclusións establecidas polo servizo provincial da Coruña son as seguintes:

- Existe un impacto cualificado polo promotor como **severo** na fase de funcionamento sobre a avifauna.
- Na fase de obras prodúcese un impacto **moderado** sobre a fauna.
- O resto de impactos son **compatibles ou positivos**.
- O EsIA **non** realiza unha **valoración global** do impacto ambiental que producirá a instalación da PE Monte Neme.

Indicar que para realizar unha correcta valoración dos impactos sobre a fauna deberase realizar un estudo faunístico abrangendo un ciclo anual completo e deste xeito se poderán extraer conclusións dos impactos das infraestruturas sobre a a fauna.

Así mesmo, a pesar da existencia na zona de instalación do PE do hábitat natural prioritario 4020*, non se avalían os posibles impactos sobre o mesmo.

❖ EFECTOS SINÉRGICOS.

No epígrafe 7 da memoria do EsIA "Estudio de efectos sinérgicos" e no Anexo 10 "Estudio de efectos sinérgicos" analízanse os posibles efectos sinérgicos que poden orixinarse como consecuencia da construción e explotación do proxecto Parque Eólico Monte Neme.

No Anexo 10 sinálase que nesta análise se pretenden caracterizar as posibles sinerxías que se podan orixinar co funcionamento dos parques eólicos Pedrarrubia, Monteagudo e Monte Neme, a liña eléctrica de evacuación de este último e outras liñas existentes. (Non se menciona no EsIA cales foron as fontes utilizadas nin a distancia máxima utilizada dende o PE Monte Neme para a selección destas infraestruturas, e proceder ao estudo das sinerxías coas mesmas).

Esta información non se corresponde co exposto no epígrafe 7 do EsIA: *"En el presente informe se pretenden caracterizar las posibles sinergias que se puedan originar con el funcionamiento de los parques eólicos Cuadramón, Nordés y*





Soán, todos ellos pertenecientes a la 1ª Fase de aprovechamiento eólico de Acciona Eólica de Galicia". Ningún destes tres parques eólicos mencionados se encontran situados na contorna do PE Monte Neme.

O número total de aerogeneradores considerados en el presente EslA é de 24.

As liñas eléctricas presentes no ámbito de estudo son: LAT 66 kV ST Corme-ST Cabana de Bergantiños, LAT 66 kV ST Malpica-ST Cabana de Bergantiños e LAT 66 kV ST Monte Neme-ST Cabana de Bergantiños.

Segundo o EslA, a afección que o funcionamento destes parques eólicos e liñas eléctricas podería ter sobre os valores naturais e sobre o conxunto de factores ambientais do seu entorno concretaríase fundamentalmente en: Incremento dos niveis sonoros, emisión de luces, alteración dos recursos hídricos, afección á vexetación natural, afección á fauna e afección á paisaxe.

No que atinxe ás competencias deste Servizo, procede facer referencia ós efectos sinérxicos previstos no EslA sobre a flora, os hábitats e a fauna.

Con respecto á **vexetación natural**, non se prevé que se podan establecer sinerxías neste aspecto entre os parques considerados, posto que as formacións vexetais existentes nos diferentes parques non gardan relación de continuidade e, polo tanto, non se verá afectada a estrutura, composición ou estado de conservación de teselas compartidas. Nin sequera no caso constituído polos aerogeneradores de Monte Neme e Monteagudo, que son os parques con emprazamentos máis próximos, se pode esperar a aparición de efectos sinérxicos por este concepto.

En canto á **fauna**, o EslA establece que, os efectos sobre a poboación global dunha especie na área dos tres parques non son acumulativos, sendo de igual magnitude que os que se podan producir por separado en cada parque. Non obstante, no caso de grandes aves de presa, como o Voitre Común ou Leonado, ou de especies de aves migradoras gregarias que utilicen o corredor migrador costeiro, o risco de sufrir accidente aumenta ao situarse relativamente próximos os aerogeneradores dos dous parques eólicos situados máis ao oeste. Neste sentido, pódese falar de sinerxía desfavorable no





relativo ao aumento do risco de colisión. É obvio que non é equivalente o risco de accidente que cada parque presenta por separado co risco conxunto, dadas as grandes distancias que poden recorrer estas aves. Aínda que non se pode considerar que o efecto sinérxico destes parques sexa significativo, trátase de un factor a ter en conta para o su seguimento futuro.

Destacar que no EsIA non se analizan as posibles sinerxías ou efectos acumulados que se poderán producir sobre os hábitats naturais existentes na zona de estudo, e que se deberá completar o estudo faunístico dun ciclo anual completo, para poder extraer conclusións dos efectos sinérxicos sobre a fauna.

❖ MEDIDAS PROTECTORAS E CORRECTORAS.

Unha vez identificados e valorados os impactos que podería xerar o Proxecto sobre o medio, o EsIA no seu epígrafe 9 "Medidas preventivas, correctoras e compensatorias" establece aquelas accións tendentes a previr, controlar, atenuar e restaurar os impactos negativos e significativos que se detectaron no EsIA.

Dentro das competencias deste Servizo analizaranse as medidas sobre a flora, fauna e os hábitats de interese comunitario.

No epígrafe 9.3 "Sobre la fauna y la flora" desenrólanse as diferentes propostas para mitigar o impacto negativo da instalación sobre estes elementos. Establecendo que:

O movemento de maquinaria e persoal de obra estará restrinxido á zona balizada e correspondente á zona de obras, evitando a ocupación de áreas non contempladas no proxecto para evitar a degradación de vexetación non afectada polas obras.

Seguiranse as medidas dispostas no estudo de Seguridade e Saúde do Proxecto para evitar a xeración e propagación de incendios. Quedará expresamente prohibida a realización de lume e se evitará a realización de actividades susceptibles de xerar incendios durante os períodos de maior risco (época estival).



As medidas encamiñadas á adecuada xestión dos residuos contribuirán á protección do medio natural.

Unha vez terminadas as obras levarase a cabo a restauración paisaxística das zonas degradadas de acordo ao disposto no Proxecto de Restauración.

Indica que as medidas descritas para reducir o impacto sobre a vexetación e fauna son laxas e de carácter xeral, aplicables a calquera outro proxecto desta natureza, e están escasamente definidas. O capítulo debería centrarse nas medidas que aportan valor engadido á avaliación, que son as que se adoptan dentro do ámbito de decisión sobre o proxecto e diferenciarse claramente de outras que veñan exixidas por algunha norma de carácter xeral, ou que teñan a natureza de simples boas prácticas.

Deben determinarse medidas preventivas e correctoras para cada un dos impactos identificados e, sempre que existan impactos residuais, en particular sobre a biodiversidade, cuantificalos, e se non resultan desprezables contrarrestalos mediante medidas compensatorias.

Destacar que a pesar da existencia na zona de instalación do PE do hábitat natural prioritario 4020*, non se propoñan medidas específicas para a súa protección durante os traballos de construción do PE.

❖ ANALISE DA VULNERABILIDADE DO PROXECTO

No epígrafe 11 "Vulnerabilidad del proyecto" do EsIA avalíase a vulnerabilidade do proxecto ante os riscos de accidentes graves ou catástrofes e mailos efectos adversos significativos que podería ter sobre o medio ambiente, en atención ao disposto na normativa vixente en materia de avaliación ambiental de proxectos.

O obxecto deste apartado é dar cumprimento ao especificado no artigo 35.1.d) da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental de acordo coa modificación aprobada na Lei 9/2018, de 5 de decembro na que se indica:

"d) Se incluirá un apartado específico que inclúa a identificación, descrición, análise e si procede, cuantificación dos efectos esperados sobre os factores enumerados na letra c), derivados da vulnerabilidade do proxecto ante riscos de





accidentes graves ou de catástrofes, sobre o risco de que se produzan ditos accidentes ou catástrofes, e sobre os probables efectos adversos significativos sobre o medio ambiente, en caso de ocorrencia dos mesmos, ou ben informe xustificativo sobre a non aplicación deste apartado ao proxecto. Para realizar os estudos mencionados en este apartado, o promotor incluírá a información relevante obda a través das avaliacións de risco realizadas de conformidade coas normas que sexan de aplicación ao proxecto."

O apartado c) do artigo 35.1. indica:

"Identificación, descrición, análise e, si procede, cuantificación dos posibles efectos significativos directos ou indirectos, secundarios, acumulativos e sinérxicos do proxecto sobre os seguintes factores: a poboación, a saúde humana, a flora, a fauna, a biodiversidade, a xeodiversidade, o solo, o subsolo, o aire, a agua, o medio mariño, o clima, o cambio climático, a paisaxe, os bens materiais, o patrimonio cultural, e a interacción entre todos os factores mencionados, durante as fases de execución, explotación e no seu caso durante a demolición ou abandono do proxecto."

Destacar que no EslA non se realiza unha análise completa da vulnerabilidade do proxecto ante riscos de accidentes graves ou catástrofes tal e como se indica na lexislación actual, indicando soamente que a principal eventualidade serían os incendios.

13. Con respecto a este proxecto cabe facer as seguintes observacións por parte desta dirección xeral:

❖ Con respecto a hábitats de interese comunitario:

No Plano 9 do documento "12 Anexos EIA PE Monte Neme" obsérvase que o aeroxerador (WTG-02) atópase cunha valoración ambiental alta por situarse emprazado sobre un hábitat prioritario 4020*.

VALORACIÓN

Coa finalidade de salvagardar os hábitats de interese comunitario prioritarios débense describe posibles alternativas sobre o aeroxerador (WTG-02) para evitar afectar ao citado hábitat.



❖ Con respecto as sinerxias:

Con respecto ás sinerxias, a documentación recolle un epígrafe 7 na memoria do EsIA "Estudio de efectos sinérxicos" e un Anexo 10 "Estudio de efectos sinérxicos" onde se analizan os posibles efectos sinérxicos que poden orixinarse como consecuencia da construción e explotación do proxecto Parque Eólico Monte Neme.

Estas medidas sinérxicas así como o seu análise encóntranse recollidas e resumidas no apartado anterior polo Servizo de Patrimonio Natural da Coruña.

VALORACIÓN

As áreas de desenvolvemento eólico (ADE) son os espazos delimitados polo Plan sectorial eólico de Galicia, susceptibles de acoller a un ou a varios parques eólicos, sempre que resulten ambientalmente viables.

Os impactos que un parque eólico pode xerar sobre o patrimonio natural e a biodiversidade poden chegar a xerar efectos acumulativos e sinérxicos, especialmente sobre as poboacións de aves e quirópteros. No caso de Galicia, este tipo de impactos secundarios irá en aumento, en paralelo coa crecente densidade de aeroxeradores.

As máquinas que se instalan, de tipo tripala, teñen como efecto máis evidente e medible a morte por colisión de aves e quirópteros. Algunhas das especies máis afectadas teñen poboacións reducidas e baixas taxas de substitución. En consecuencia, vén establecendo por esta Dirección Xeral de Patrimonio Natural unha serie de medidas dirixidas a minimizar este impacto.

Con todo, as aliñacións e conxuntos de aeroxeradores de varios parques eólicos poden xerar efectos sinérxicos e acumulativos que deben ser valorados.

Co fin de analizar estes efectos, calculouse por esta dirección xeral, como primeiro paso, o espazo afectado polos aeroxeradores dentro do ADE e as ADE veciñas, considerando que a área afectada por cada aeroxerador esténdese en 1 km á redonda de cada posición (tomando esta distancia en





base ao menor radio das áreas de campeo dos rapaces presentes na zona, tomadas de Atienza, J.C., I. Martín Fierro, O. Infante, J. Valls y J. Domínguez. 2011. Directrices para la evaluación del impacto de los parques eólicos en aves y murciélagos (versión 3.0). SEO/BirdLife, Madrid). Consideráronse tanto as máquinas en funcionamento ou aprobadas como as dos proxectos con fito en xaneiro de 2023.

Para valorar a importancia da superficie afectada comparouse a suma de áreas afectadas coa dispoñible dentro do ADE e ADE veciñas, ponderada en función dos seguintes criterios:

- Rede galega de espazos protexidos e espazos ben conservados en estudo.
- Áreas incluídas na Resolución do 18 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se actualiza a delimitación das áreas prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas e dispónse a publicación das zonas de protección existentes na Comunidade autónoma de Galicia en que serán de aplicación medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión, ou na área crítica para o aguia real, elaborada no ano 2012 pola entón Dirección Xeral de Conservación da Natureza co obxecto de permitir o seu uso nos procedementos de avaliación de efectos de plans e proxectos sobre as especies ameazadas en Galicia.
- Reservas da biosfera.
- Resto do territorio.

A partir desta aproximación, en segundo lugar avalíase a situación local. En consecuencia, o proxecto analizado sitúase nunha contorna onde o alto nivel de ocupación podería xerar un efecto sinérxico principalmente de tipo baleiro e/ou barreira sobre a avifauna. Non obstante, analizadas as posicións dos aeroxeradores previstos e tendo en conta que este parque eólico é o único que está nesta ADE e que se encontra moi distanciada dos parques eólicos da contorna, estímase que a instalación do parque eólico Monte Neme non





producirá efectos sinérxicos incompatibles, no ámbito das nosas competencias.

❖ **Con respecto a avifauna e quirópteros:**

A documentación recolle que para a descrición da fauna presente na área de estudo recorreuse, nun primeiro momento, á recompilación bibliográfica de estudos específicos para, nunha fase posterior, abordar un traballo de campo que, no caso da avifauna e a fauna de quirópteros, prolongarase ao longo dun ciclo anual co obxectivo de caracterizar uso do hábitat, abundancia e densidades, refuxios existentes, e zonas de alto valor de conservación. (5.5.3. FAUNA. Memoria EIA, páx. 38).

Respecto á metodoloxía para censar as poboacións de aves presentes na área de estudo utilizouse o método de transectos descrito por Tellería (1984). Trátase de dividir a área de estudo nunha serie de percorridos lineais (transectos) que resultan representativos da área. Ao longo destes percorridos que se realizarán a velocidade constante contaránse os individuos contactados de cada especie nunha banda de anchura variable.

Neste caso dividiuse a área de estudo en catro transectos cuxo percorrido coincide coas cinco liñas de aeroxeradores de que consta o parque. Téñense en conta os contactos visuais e auditivos establecidos dentro dun ancho de banda de 20 m. a cada lado da liña de progresión do observador.

Nesta campaña inicial realizáronse tan só dous censos, os días 21 e 28 de novembro de 2019. Os resultados exprésanse, para cada un dos transectos e dos censos realizados, en número de exemplares detectados.

VALORACIÓN

A documentación só recolle unha revisión bibliográfica de vexetación, avifauna, fauna e quirópteros, non indican datas da realización dos inventarios de vexetación, aves e quirópteros, ano(s) e meses, ademais non presentan planos da localización de especies de vexetación en perigo de extinción como a *Centaurea ulreiae* e *Euphorbia uliginosa*.



Do análise da documentación presentada despréndese que non se realizou un estudo faunístico dun ciclo anual completo. Indicar a este respecto **que para realizar unha correcta valoración dos impactos sobre a fauna é necesario dispoñer dun estudo faunístico abrangendo un ciclo anual completo para poder extraer conclusións dos impactos das infraestruturas sobre a a fauna.**

Respecto as aves, tampouco se presentan planos coa orientación e altura de voo, nin de zonas de frecuencia das aves rapaces con voo constante sobre cada aeroxerador. Sen estes datos non se pode valorar os impactos por colisión, ademais as medidas correctoras, preventivas e compensatorias teñen carencias significativas.

Con respecto aos quirópteros tampouco se presenta estudos que demostren a ausencia de impactos sobre eles.

- ❖ **De acordo cos puntos anteriores, constatase que o promotor non acredita a ausencia de impactos determinantes sobre o patrimonio natural e a biodiversidade.**

IV. Conclusións.

Á vista dos antecedentes e da análise da documentación, conclúese que **o estudo de impacto ambiental presenta carencias acusadas que impiden dar por válida a identificación, descrición, análise e/o cuantificación feita dos posibles efectos significativos do proxecto sobre o conxunto de elementos do patrimonio natural e a biodiversidade e, por tanto, emítese informe desfavorable.**

É necesario engadir que é responsabilidade do promotor, de acordo co establecido no artigo 35 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, a elaboración do estudo de impacto ambiental.



Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O xefe do Servizo de Análise de
Proxectos, Plans e Programas

Carlos González Andrés

Visto e Prace

O subdirector xeral de Espazos Naturais

Tomás Fernández-Couto Juanas